

Subvención para a transformación dixital e modernización do sector comercial e artesanal (CO300C)

Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación



CONECTA OURENSE

Orde de 23 de febreiro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións para a transformación dixital e modernización do sector comercial e artesanal e se procede a súa convocatoria para o ano 2023 (DOG nº 41 do 28 de febreiro de 2023)

BENEFICIARIOS

Poderán ser beneficiarias das subvencións, as persoas físicas ou xurídicas, comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado sen personalidade xurídica, legalmente constituídas que, en todo caso, cumpran, ademais, os seguintes requisitos:

1. Comerciantes minoristas

- Que desenvolvan a súa actividade comercial en Galicia, que o domicilio social radique na Comunidade Autónoma, que non teñan a consideración de gran establecemento comercial segundo a normativa aplicable e que cumpran os requisitos establecidos legalmente para exercer a actividade. No caso de comerciantes que desenvolvan a actividade comercial en liña deberán ter o domicilio social na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Que, tendo a condición de peme, teñan un número de empregados/as igual ou inferior a vinte (20), incluídas as persoas en situación de autoemprego.
- Que este dado de alta nalgún dos epígrafes do IAE que se relacionan no anexo II (do 641 ao 647; 651; 652; 653; 656; 657; 659 e 665) e o anexo III (255.2; 253.6; 41; 421; 423.1; 43; 44 e 45) e que esta sexa a actividade para a que vaia dirixida a subvención
- Que desenvolvan a actividade comercial nun establecemento comercial cunha superficie de exposición e venda igual ou inferior a 300 metros cadrados, excepto que a actividade comercial se encadre no epígrafe 653.1 do IAE.

2. Talleres artesanás

- Que este inscritos no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia. No caso de novos talleres, poderán solicitar a inscrición en dito rexistro ata o último día do prazo establecido para a presentación de solicitudes.

ACTUACIÓNS SUBVENCIONABLES

1. **Liña de dixitalización comercial**, en función do grado de dixitalización do comercio. A realización das actuacións do módulo I e as do módulo II son incompatibles e exclúntes entre si.

Talleres artesanás e comerciantes minoristas con tenda física:

Módulo I Sen páxina web; Todas as actuacións do módulo I (obrigatorias)

Actuación subvencionable: a dixitalización básica do entorno comercial omnicanal,

- Implantación de páxina web sen venda en liña.
- Hardware (sistema TPV o tablet) e lector de código de barras.
- Software de pago adaptado á actividade comercial desenvolvida (máx. 12 meses).
- Impresora de código de barras térmica 1D/2D.

- Ferramentas de posicionamento dixital (SEO, SEM, ADS)

Módulo II Con páxina web sen venda en liña

Actuacións subvencionables:

- Implantación de páxina web con venda en liña
- Sistemas dixitais de stock integrado no punto de venda.
- Ferramentas de posicionamento dixital (SEO, SEM, ADS).
- Loxística e-commerce, como o servizo de transporte para envíos en liña
- Xestor de redes sociais

Módulo II Con páxina web con venda en liña

Actuacións subvencionables:

- Mantemento da páxina web.
- Melloras dos sistemas dixitais de stock integrado no punto de venda.
- Melloras das ferramentas de posicionamento dixital (SEO, SEM, ADS).
- Loxística e-commerce, como o servizo de transporte para envíos en liña
- Sistemas de click and collect
- Xestor de redes sociais
- Imaxe dixital.
- Sistemas dixitais de control de accesos

Comerciantes minoristas sen tenda física

Módulo I Todas as actuacións do módulo I (obrigatorias)

Actuación subvencionable: a posta en marcha da actividade comercial con venda en liña, que supón obrigatoriamente a realización do conxunto das seguintes actuacións: - Implantación de páxina web con venda en liña.

- Sistemas dixitais de stock integrado.
- Ferramentas posicionamento dixital (SEO, SEM, ADS).
- Loxística e-commerce,
- Xestor de redes sociais
- Imaxe dixital

Módulo II Actuacións do módulo II

Actuacións subvencionables para comerciantes minoristas sen tenda física, que teñan implantadas todas as actuacións do módulo I::

- Mantemento da páxina web.
- Melloras dos sistemas dixitais de stock integrado.
- Melloras das ferramentas de posicionamento dixital (SEO, SEM, ADS).
- Loxística e-commerce, como o servizo de transporte para envíos en liña
- Xestor de redes sociais
- Imaxe dixital

2. Línea de modernización comercial,

Talleres artesáns e comerciantes minoristas con tenda física.

Considéranse actuacións subvencionables a adquisición, en réxime de propiedade, de equipamento propios da actividade comercial e artesanal, que deberán ser en todo caso de primeiro uso; en concreto, maquinaria, ferramentas ou equipamento auxiliar, de fabricación externa cualificada, directamente relacionada coa actividade

comercial ou artesanal, así como outra maquinaria, ferramentas ou equipamento auxiliar, de fabricación externa cualificada, directamente relacionada coa actividade comercial ou artesanal que melloren o deseño e a calidade do produto final. A inversión máxima subvencionable para a adquisición de equipamentos propios da actividade comercial e artesanal é de 7.000,00 € (IVA excluído).

CONTÍA DA AXUDA

A porcentaxe da subvención será do 80 % das inversións máximas subvencionables. As bases reguladoras establecen as inversións máximas subvencionables para cada caso.

PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

Prazo de presentación: dende o 01/03/2023 ata o 28/03/2023.

Presentación: <https://sede.xunta.gal/>

Enlace directo para a tramitación de solicitudes: <https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=C0300C&ano=2023&numpub=1&lang=es>


DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR

- Escritura de constitución e dos estatutos debidamente inscritos no rexistro competente, e modificacións posteriores destes, no caso de entidades non inscritas no Rexistro Mercantil.
- Poder do representante que presenta a solicitude, no caso de entidades non inscritas no Rexistro Mercantil.
- Informe emitido pola Seguridade Social de todos os códigos de conta de cotización da persoa solicitante (situación de empresario individual) ou, no seu caso, acreditación de non estar inscrito como empresario.
- Memoria descritiva do proxecto.
- Facturas ou, no seu defecto, facturas proforma ou presupostos de gastos previstos para a realización de cada unha das actividades para as que se solicita subvención.

OFICINA CONECTA VALDEORRAS

 Plaza del Ayuntamiento, núm. 2
32300, O Barco de Valdeorras
Ourense


 conectaourense@ceo.es

 625 464 262
988 391 110

OFICINA CONECTA VERÍN

 Rúa Doctor González Prada, núm. 5 Bajo
32600, Verín
Ourense

 conectaourense@ceo.es

 625 464 262
988 391 110

